

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de maio de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día catro de maio de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(511).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 26 de marzo e das sesións ordinaria e dúas extraordinarias e urxentes do 17 de abril de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(512).- REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO DO SERVIZO CIIES SEGÚN IPC NACIONAL NO PERÍODO NOVEMBRO 2013-NOVEMBRO 2014. EXPTE. 105436/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o de fiscalización do 17.04.15, e o informe xurídico do 28.04.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Servizos

Económicos, do 31.03.15, conformado polo xefe de Área de Política de Benestar e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 2 de novembro de 2012, aprobou a adxudicación definitiva do procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social, ubicado nas instalacións de Marques de Valterra nº 6, (expte. 71394-301), por un importe anual de 663.548,85 euros, dos que 60.332,63 corresponden ao IVE.

Mediante expediente 101052/301 aprobouse a primeira revisión de prezos do período novembro/2012- novembro/20.13 O prezo revisado para ese período ascende a 664.676,89 euros.

O apartado 3.J) das FEC que rexe o contrato, establece a procedencia da revisión de prezos que recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato.

O índice de prezos de consumo no período novembro/2013-novembro/2014 experimentou un incremento do -0,4% segundo datos do INE que se achegan. Tal e como determinan as bases dos pregos, o incremento recollerá o 85% da variación experimentada, quedando fixada, polo tanto a efectos do cálculo no -0,34% da cantidade a actualizar (664.676,89 euros) O importe correspondente a variación do IPC neste período ascende a -2.259,90 euros.

O contrato a partir de decembro 2014 pasa a ter un importe de 662.416,90 euros

Polo exposto con anterioridade, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar a actualización do prezo do contrato do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social, ubicado nas instalacións de Marques de Valterra nº 6, a nome de ATENCION SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5, SL., NIF B85595239, en -2.259,90 euros, correspondente ao 85% da variación negativa experimentada polo IPC nacional no período novembro 2013-novembro2014, que se contabilizará na partida 2310.2279913, todo elo en execución do prego de cláusulas que rexen o contrato.

O contrato para o período decembro 2014-novembro 2015 pasa a ter un importe de 662.416,99 euros anuais.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(513).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) ESPINA S.A. EXPTE. 4933/241.

Visto o informe de fiscalización do 24.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 29.04.15, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 18.031,02 euros, constituida para responder das obras de

humanización da rúa Simón Bolívar, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“1.- Devolver a ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A. a fianza de 18.031,02 euros, constituída para responder das obras de humanización da rúa Simón Bolívar, xa que as obras foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía.

2.- Requerir a Espina Obras Hidráulicas, S.A. para que no prazo dos dez días seguintes á devolución efectiva da garantía aporte os documentos xustificativos do pago dos gastos financeiros da garantía, dende o 19 de novembro de 2013 ata a data da devolución efectiva e cancelación do mesmo, para que esta administración poda proceder ó pagamento de ditos gastos.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) AQUALIA S.A. EXPTE. 2962/443.

Visto o informe de fiscalización do 24.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 27.04.15, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 3.403,67 euros, constituída para responder da obra de recuperación da mina de auga e execución de saneamento separativo na rúa Abanico na parroquia de Beade, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, S.A. a fianza de 3.403,67 euros, constituída para responder da obra de recuperación da mina de auga e execución de saneamento separativo na rúa Abanico na parroquia de Beade, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 25 de novembro de 2008, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

C) MACRAUT S.L. EXPTE. 4907/241.

Visto o informe de fiscalización do 22.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 24.04.15, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por MACRAUT INGENIEROS, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 780,55 euros, constituída para responder de subministración de equipos para sistema de telecontrol da rede de abastecemento de augas, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a MACRAUT INGENIEROS, S.L. a fianza de 780,55 euros, constituída para responder de subministración de equipos para sistema de telecontrol da rede de abastecemento de augas,

xa que foron recibidos mediante acta de 11 de decembro de 2008 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(515).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “MOVE VIGO 2014”. EXPTE. 5662/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.04.15, o informe de fiscalización do 22.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 15.04.15, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo aprobou o 13 de xuño de 2014 o Orzamento municipal para o exercicio presupostario 2014. Este Orzamento entrou en vigor o 20 de xuño, tras a súa publicación, e nel consta a aplicación presupostaria nominativa 3380.489.0009 (Convenio Federación Eduardo Chao – Move Vigo), cunha dotación presupostaria de 17.100,00 euros, que daría cobertura presupostaria á organización do programa “Move Vigo 2014” por parte da Federación de Asociacións veciñais “Eduardo Chao” de Vigo (G-36.681.708)

Co obxecto de iniciar a tramitación do correspondente expediente de subvención nominativa a favor da Federación de asociacións veciñais Eduardo Chao de Vigo, o Servizo de Festas solicitou á entidade a achega de determinada documentación necesaria en data 23 de xuño. Tras a presentación parcial e incompleta de documentos por parte da entidade, o Servizo de Festas reiterou a solicitude (28 de novembro e 22 e 29 de decembro).

Conforme ao réxime xurídico das subvencións (contido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións, entre outros), o procedemento dunha concesión de subvención nominativa debe observar os seguintes extremos:

- Os artigos 13.2 da Lei 38/2003 e 10.2 da Lei de Galicia 9/2007 dispoñen que non poden obter a condición de beneficiario de subvencións as persoas ou entidades que non se atopan ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social;*
- Os artigos 14 da Lei 38/2003 e 11.e) establecen que é obriga dos beneficiarios das subvencións acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social;*
- O artigo 22 do Real decreto 887/2006 recolle as condicións que deben ter as certificacións que acrediten o cumprimento do anterior.*

En ningún momento, a entidade presentou os certificados acreditativos de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias (coa Agencia Estatal de Administración Tributaria ou coa Concellería de Economía e Facenda da Administración pública da Comunidade autónoma galega).

A falta de acreditación deste requisito en prazo, imputábel unicamente á Federación de asociacións veciñais, conleva que non puidese ter a condición de beneficiario e, polo tanto, non se lle concedera a subvención.

En relación ao anterior prazo de acreditación, cómpre lembrar que:

- O peche e liquidación do presuposto, en canto ao pagamento de obrigas, debe efectuarse o 31 de decembro do ano natural (Artigo 89.1 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo relativo aos orzamentos da Lei de facendas locais).
- O prazo de xustificación de calquera subvención non pode ser despois da segunda semana de decembro (Base 38.11 das Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2014, aprobadas conxuntamente co Orzamento municipal).

Do anterior, despréndese que a aprobación da subvención debería estar feita tamén con anterioridade a estas datas de modo que a posterior xustificación das axudas se puidese realizar dentro dos prazos marcados.

Con data 5 de febreiro de 2015, a Federación de asociacións veciñais presenta escrito no que formula "recurso de reposición" contra os escritos enviados o 22 e 29 de decembro (que deu lugar ao expediente administrativo 5975/335).

Cabe subliñar que os actos que pretende recorrer a entidade neste escrito non son resolucións senón simples comunicacións por parte do Servizo de Festas e do concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, informativas do estado de tramitación do procedemento. Ao non existir no expediente unha resolución de órgano competente que resolva o procedemento de concesión de subvención non pode cualificarse o anterior escrito como recurso de reposición, senón que se trataría dun escrito de alegacións.

Neste expediente constan informes xurídicos do secretario de Administración municipal (de data 11 de marzo) e da Asesoría xurídica (de data 10 de abril).

Coa finalidade de dar resolución ao procedemento de concesión de subvención nominativa, consonte ao artigo 42.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, propónse a resolución do expediente por parte do órgano competente. De conformidade co artigo 127,1,g) da Lei 7/1985, de 2 de maio, reguladora das bases do réxime local, corresponderá a Xunta de Goberno Local esta resolución.

Con carácter previo á resolución do expediente, remítese o mesmo á Intervención xeral, de conformidade coa Consideración xurídica IV do Informe de Asesoría xurídica e cos artigos 9 da Lei 38/2003, 6 da Lei de Galicia 9/2007 e 214.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

Á vista do exposto, previos os informes xurídicos e da Intervención, coa conformidade do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Non conceder a subvención prevista nominalmente a favor da Federación de Asociacións veciñais de Vigo "Eduardo Chao" (G-36.681.708) para o convenio de organización polo programa "Move Vigo 2014", toda vez que non quedou acreditado por parte da entidade dentro do exercicio presupostario o requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias, necesario para obter a condición de beneficiaria da subvención.

2º.- Notificar este acordo á Federación de asociacións veciñais Eduardo Chao, con indicación dos recursos que poderá interpoñer contra o mesmo, garantindo deste xeito o seu dereito de defensa en vía administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(516).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DAS OBRAS NO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL (LOTE 3). EXPTE. 14047/333.

Visto o informe de fiscalización do 27.04.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD-xefe da Unidade Técnica, do 28.04.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

De acordo co apartado 3 da cláusula nº 1 do PCAP, correspóndelle o Responsable do contrato a emisión dun informe sobre a execución e desenvolvemento da obra, polo cal procedese a recoller no seguinte informe todos os aspectos e incidencias vinculadas a execución da obra:

1.- Antecedentes da tramitación do expediente:

<i>Aprobación do proxecto básico e de execución</i>	<i>Expediente 13084/333, por acordo da XGL en sesión do 30/05/2014</i>
<i>Orden de inicio do expediente de contratación</i>	<i>Resolución por Decreto do Concelleiro Delegado con data de 09/06/2014</i>
<i>Aprobación expediente de contratación</i>	<i>Expediente 13166/333. Aprobado pola XGL en sesión do 18/07/2014. Importe de licitación de 235.000,00 €.</i>
<i>Aplicación Orzamentaria Proxecto</i>	<i>9330.632.00.11</i>
<i>Período de licitación</i>	<i>Do 06/08/2014 (anuncio BOP) ata o 1/09/2014.</i>
<i>Adxudicación</i>	<i>Por acordo da XGL en sesión do 07/11/2014 MONDO IBERICA, S. A., por un prezo de 183.300 euros (IVE engadido).</i>
<i>Prazo de execución</i>	<i>2 meses</i>
<i>Garantía:</i>	<i>60 meses</i>
<i>Sinatura do contrato</i>	<i>13/11/2014</i>
<i>Dirección facultativa</i>	<i>A XGL do 24/11/2014, acordou o nomear a D. Miguel Porras Gestido con DNI 36106078B, arquitecto Colexiado nº 2543. Expediente: 13528-333</i>
<i>Coordinación de Seg e Sa.</i>	<i>A XGL do 24/11/2014, acordou o nomear a D. Enrique Alonso Baspino con DNI 35973146L, aparelador Colexiado nº UR 148. Expediente: 13528-333.</i>
<i>Plan de Seguridade e Saúde</i>	<i>Aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014, de acordo co documento presentado pola mercantil MONDO IBÉRICA, S.A. con data 27/11/2014 e de acordo co informe favorable de data 27/11/2014 asinados por D. Enrique Alonso Baspino, como coordinador de seguridade e saúde. Expte: 13166/333</i>
<i>Plan de Residuos</i>	<i>Se da conta a XGL en sesión do 03/12/2014, de acordo co documento presentado pola mercantil MONDO IBÉRICA, S.A. con data 21/11/2014 e co informe favorable de data 26/11/2014 asinado por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo. Expte: 13166/333</i>

Plan de Trabajo	Aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014, de acordo co documento presentado pola mercantil MONDO IBÉRICA, S.A. con data 02/12/2014 e co informe favorable de data 02/12/2014 asinado por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo. Expte: 13594/333
Plan de Calidade	Aprobado pola XGL en sesión de 19/12/2014, de acordo co documento presentado pola mercantil MONDO IBÉRICA, S.A. con data 05/12/2014 e co informe favorable de data 05/12/2014 asinado por D. Miguel Porras Gestido, como director facultativo. Expte: 13677/333

2.- Execución da obra:

De acordo co punto a) do apartado 4º das FEC, o prazo de execución e de 2 meses.

Acta de comprobación do Replanteo	Acta asinada con data 12/12/2014 Se da conta a XGL con data 19/12/2014. Expte 13166/333
Data de inicio das obras	13/12/2014
Data inicial de finalización das obras	13/02/2015.

Con data 9 de xaneiro de 2015 se asina acta de suspensión temporal e parcial das obras de execución das obras: "lote nº 3: reposición e mellora do terreo de xogo de herba artificial e o sistema de rego para o campo de fútbol municipal de Samil". Dita acta recolle a suspensión durante o período comprendido dende o 7 de xaneiro de 2015, ata a data do decreto de incorporación dos remanentes que financien os créditos necesarios para a finalización da obra en base a prezo de adxudicación pendente por certificar.

Con data 2 de febreiro de 2015 a empresa adxudicataria asina o recibí da notificación de finalización de suspensión temporal e parcial das obras de execución das obras: "lote nº 3: reposición e mellora do terreo de xogo de herba artificial e o sistema de rego para o campo de fútbol municipal de Samil". De acordo coa comunicación de 30 de xaneiro no cal se lle comunica que con data 29 de xaneiro de 2015, por Decreto do Alcalde, procedese a resolver a incorporación dos remanentes de Tesoureira do ano 2015, cos cales se incorporan o orzamento prorrogado para o ano 2015, os créditos adecuados e suficientes para executar a totalidade da obra pendente de certificar 56.273,38 €, polo cal procede o levantamento da suspensión acordada na acta asinada polas partes o pasado 9 de xaneiro de 2015.

2.1.- Axuste do prazo de finalización da obra:

Atendendo a que o prazo de suspensión abarcou o período entre o 7 de xaneiro de 2015 e o 2 de febreiro, o cal contempla un total de 27 días, o prazo de finalización pasa do inicialmente establecido para o 13 de febreiro de 2015 **a data límite do 12 de marzo do 2015**.

3.- Certificacións de obra:

Data	Nº certificación	importe
22/12/2014	Certificación nº 1. por acopios. (ive incluído):	102.040,13 €
26/12/2014	Certificación nº 2. execución obra. (ive incluído):	24.986,49 €
31/01/2015	Certificación nº 3. execución obra. (ive incluído):	0,00 €
28/02/2015	Certificación nº 4. execución obra. (ive incluído)	55.900,60 €

En relación as datas das certificación emitidas debese indicar as seguinte incidencias:

A certificación nº 1 de acopios, de data 22/12/2014, correspóndese coa autorización da XGL de data 26/12/2014, por un importe de materiais acopiado de 102.040,13 €, polo cal a súa data correspóndese a súa tramitación dentro dos prazos máximos para dar cumprimento as instrución de peche do exercicio económico 2014.

A certificación nº 2, de data 22/12/2014, correspóndese coas actuación executadas na obra no período comprendido dende a data de inicio das obras (13/12/2014), ata a data máxima para poder tramitar o seu pago en relación a dar cumprimento as instrución de peche do exercicio económico 2014.

A certificación nº 3, de data 31/01/2015, cumpre cos prazos de tramitación dentro dos 10 días seguintes o mes de execución. Esta certificación recolle a execución dos traballos vinculados directamente cos materiais acopiados.

A certificación nº 4, de data 28/02/2015, cumpre cos prazos de tramitación dentro dos 10 días seguintes o mes de execución das obras.

4.- Cumprimento das obrigas derivadas do PCAP:

4.1.- En relación a Cláusula nº 27 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación o "PERSOAL DO CONTRATISTA", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Consta a comunicación por escrito do contratista asinada con data 20 de novembro sobre o persoal que adscribirá a obra correspondente a execución da reforma do Campo de fútbol de Samil. Así mesmo consta comunicación por escrito do contratista asinada con data 28 de febreiro de 2015 sobre o persoal que adscribiu a obra durante todas as tarefas de execución correspondente a reforma do Campo de fútbol de Samil.

b.- Consta declaracións responsable asinadas polo Representante do Contratista de datas 31 de decembro de 2014, 31 de xaneiro de 2015 e de 27 de marzo de 2015 en relación a estar o corrente de pago de todas as súas obrigas salariais cos traballadores/as propios destinados a execución dos traballos obxecto do contrato e de acordo os seus contratos e os convenios colectivos de aplicación.

c.- Coa certificación final se adxunta a documentación acreditativa de estar o corrente coa Seguridade Social con data 03/03/2015

d.- Consta con data 12 de decembro de 2014, declaración responsable na cal se acredita o cumprimento das seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de Actividades Empresariais:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.*
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.*

4.2.- En relación a Cláusula nº 25 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación a "EXECUCIÓN DO CONTRATO", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Durante a execución das obras foron colocados a cargo do contratista os carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións do director facultativo das obras (consta na documentación gráfica anexa)

b.- Consta no expediente documentación gráfica sobre as diversas fases da execución da obra.

c.- Consta no expediente informe final da execución da obra entregado polo Contratista ó director facultativo de data 31/03/15, como documentación obrigatoria con anterioridade a aprobación da acta de recepción. Dito informe recolle en formato papel e dixital: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto aprobado.

d.- Consta no expediente a comunicación do Contratista sobre o nome do técnico facultativo da empresa que ostentará a dirección de obra por parte da empresa, dita comunicación correspóndese co documento asinado polo contratista con data 13 de novembro de 2014 a cal e previa a acta de comprobación do replanteo.

e.- Consta no expediente a acta de comprobación do replanteo, asinada polas partes con data de 12/12/2014, a cal se atopa dentro do prazo máximo dun mes dende a formación do contrato (data do contrato 13/11/2014). A devandita acta foi tramitada para dar conta a Xunta de Goberno Local como organo de contratación na sesión do 19/12/2014.

f.- Consta no expediente os seguintes documentos:

–Programa de traballo, presentado pola empresa con data 02/12/2014 e coa conformidade do director facultativo de data 02/12/2014. Dito programa de traballo foi aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014.

–Programa de seguridade e saúde, presentado pola empresa con data 27/11/2014 e coa conformidade do Coordinador de seguridade e saúde de data 27/11/2014. Dito Plan de seguridade e saúde foi aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014.

–Plan de residuos, presentado pola empresa con data 21/12/2014 e coa conformidade do director facultativo de data 26/11/2014. Dito plan de residuos foi aprobado pola XGL en sesión de 03/12/2014.

–Plan de calidade, presentado pola empresa con data 05/12/2014 e coa conformidade do director facultativo de data 05/12/2014. Dito plan de calidade foi aprobado pola XGL en sesión de 19/12/2014.

g.- Consta no expediente copia acreditativa da comunicación á autoridade laboral do inicio das obras e da apertura de centro de traballo, de acordo coa declaración responsable e copia do documento entregado no rexistro de entrada da inspección de traballo con data de 11/12/2014.

h.- Consta no expediente, e unha vez efectuada a recepción definitiva o Libro de ordes.

i.- En relación o despexe final das obras, informase que as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, foron restituídas á súa situación inicial antes da recepción das mesmas.

j.- Consta no expediente as declaración responsable por parte do contratista na que se detallan aquelas

subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual, así como a de estar o corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito das certificacións presentadas.

k.- Consta no expediente a xustificación presentada polo contratista do cumprimento das **CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN** definidas nas FEC respecto os apartados 4, 5 e 6 da cláusula 26 do PCAP.

5.- Recepción das obras:

Con data 6 de febreiro se asina acta de recepción da obra relativa o proxecto do "Lote nº3 Campo de fútbol de Samil". Dita acta se asina condicionada a que a empresa deberá de executar unha nova disposición no relativo a partida 04.07 de peche de pletinas no depósito para o cal a empresa dispón de prazo máximo ata a finalización determinada como finalización das obras.

Con data 6 de marzo, se asina acta de recepción definitiva das obras, determinando a data do 27 de marzo para a realización da medición xeral.

De acordo o contido da acta de recepción, en relación a determinación do acto para a realización da Medición Xeral, con data 27 de marzo de 2015, procedese a realización de dita medición xeral das obras coa participación do director Facultativo da obra e o representante do contratista, de acordo co estipulado no artigo 166 de RXLCAP. Dito acto queda recollido na Acta de Medición Xeral expedida por triplicado con data 27 de marzo e asinada por D. Miguel Porras Gestido, na súa condición de Director Facultativo e de D. Raúl Sánchez Pujalte como representante do Contratista, o cal mostra a súa conformidade o resultado da medición realizada no mesmo acto. Dita acta e entregada o Responsable do Contrato con data 27/03/2014.

Por parte da dirección facultativa procedese na data de 7 de abril de 2015 a emitir a certificación final da obra, de acordo o contido da medición xeral realizada. Dita certificación final e asinada polo Representante do Contratista na mesma data de 07 de abril de 2015.

6.- Prazo de garantía:

O prazo de garantía correspondente o presente expediente de acordo o contido da oferta realizada polo adxudicatario e de acordo o contido do contrato asinado, correspondese cun período de 60 meses. Polo cal o inicio do prazo de garantía que terá efecto a partir da data de 06/03/2015, correspondente a data de recepción asinada polas partes, rematará o 06/03/2020. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar informa sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

7.- Proposta:

Polo exposto o presente informe recolle todos os antecedentes vinculados a execución e finalización das obras expediente 13166/333, correspondente ao "LOTE Nº 3: REPOSICIÓN E MELLORA DO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL E O SISTEMA DE REGO PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SAMIL", polo cal procede a proposta de aprobación da certificación final de obra de data 07 de abril de 2015.

De acordo o apartado 9 do artigo 166 do RXLCAP, correspóndelle o órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, a aprobación no prazo máximo de 3 meses dende a data da recepción da obra, polo cal, e previamente a sometelo á aprobación da Xunta de Goberno do Concello de Vigo como órgano de contratación, procede emitir informe de fiscalización favorable, a Intervención Xeral.

Por isto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Aprobación a CERTIFICACIÓN FINAL de data 7 de abril de 2015 correspondente a execución das obras do expediente 13166/333, correspondente o; "LOTE Nº 3: REPOSICIÓN E MELLORA DO TERREO DE XOGO DE HERBA ARTIFICIAL E O SISTEMA DE REGO PARA O CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SAMIL". Dita certificación recolle a medición xeral da obra executada, correspondéndose a mesma a unha execución de obra de:

Presuposto de execución material:	163.205,77 €
A deducir execución mat. Certif. anteriores	162.873,86 €
Total execución material da presente certificación	331,91 €
Gastos xerais (13%)	394,97 €
Beneficio industrial (6%)	19,91 €
Total:	364,97 €
IVE (21)%	82,94 €
Presuposto de execución por contrata	477,91 €
Baixa adxudicación (22%)	105,14 €
Presuposto líquido global contractual	372,77 €

- 2.- Autorizar o gasto por importe máximo de 372,77 € euros, dos cales 64,69 €, corresponden o IVE (21%), a favor da mercantil MONDO IBÉRICA, S.A, con cargo a aplicación orzamentaria 9330.6320011.
- 3.- Dar conta do inicio do prazo de garantía da obra "lote nº 3 reforma do campo de Fútbol de Samil", que de acordo co contrato asinado en data 13/11/2014 se corresponde con 60 meses, os cales terán efecto a partir da data de 06/03/2015, correspondente a da acta de recepción asinada polas partes, polo cal o prazo de garantía remata o 06/03/2020. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar informa sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.
Da liquidación do contrato, se non hai liquidación favorable para ningunha das partes, darase conta ao Órgano de contratación. De existir saldos, tramitarase proposta de aplicación orzamentaria que soporte o gasto no seu caso, cuxa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno Local.
- 4.- Dar conta do presente acordo o Contratista para o seu coñecemento e tramitación da correspondente factura polo importe o seu favor resultante da liquidación final da obra aprobada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(517).- SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN COMO ILE (INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO) DA EMPRESA “FACILITY MANAGEMENT”. EXPTE. 11747/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 27.04.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia dispón dun programa denominado “Iniciativas Locais de Emprego” (ILEs), regulado polo Decreto 9/2000, de 12 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galicia de 27 de xaneiro; corrección de erros no DOG nº 24 de 4 de febreiro de 2000, que financia iniciativas innovadoras con efecto dinamizador de actividade económica e de emprego.

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial de xestión de inmobles a empresas, na busca de ubicación de oficinas e xestionando novos usos de inmobles “Facility Management”, con enderezo en Vigo, promovido e presentado por Don Mariano Martínez Mier en calidade de representante, por acadar as seguintes características:

- *O proxecto empresarial “Facility Management” é innovador na área de Vigo, e consiste en unha consultora que presta servizo de xestión de búsqueda e optimización do espazo en inmobles e condicións de traballo a empresas, na cidade de Vigo, baseado nos seguintes servizos da cara o cliente:*
 - *Búsqueda de ubicación de oficinas*
 - *Xestión de novos usos de inmobles*
 - *Neste caso, orientado o sector hotelero*
 - *Permite o control de consumos enerxéticos, plans de inversión en diferentes instalacións, establecemento de procesos internos de traballo (asesor).*
- *A empresa terá o seu domicilio social na r/ Progreso, 1 e adoptará a forma xurídica de autónomo .*

“Facility Management” é unha iniciativa empresarial innovadora, que engloba diversas áreas para asegurar e xestionar o mellor funcionamento dos inmobles e seus servizos asociados, mediante a integración de persoas, espazos, procesos e tecnoloxías propias dos inmobles, incorporando a actividade inmobiliaria á capacidade de asesoramento e xestión dos recursos na empresa que lle presta o servizo.

A empresa precisa dun investimento inicial de 10.000 €, sendo a financiación recursos propios do socio 10.000, polo tanto, sen financiación allea.

O proxecto cumpre os requisitos establecidos na regulación de ILEs, en canto aos aspectos de ser viable técnica, económica e financeiramente, ademais de ser un proxecto xerador de emprego estable.

Achégase o plan de empresa do proxecto que é a súa carta de presentación que permite reflexionar sobre cada un dos pequenos detalles da posta en marcha do negocio e a súa xestión para vela viabilidade real do negocio e saber actuar para obter os obxectivos plantexados.

Tras analizarlo proxecto empresarial coa persoa emprendedora, a xefatura de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que a iniciativa empresarial descrita cumpre os requisitos previstos no programa ILEs da Consellería de Traballo e que, polo tanto, pode ser beneficiaria das citadas axudas e subvencións.

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Promover ante a Consellería de Traballo e Benestar, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “ *Facility Management* ” promovida por *Don Mariano Martínez Mier*, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, na procura de información e asesoramento sobre as axudas municipais vixentes e elaboración ou estudo dun informe económico de viabilidade do proxecto.
- Cooperación e apoio cara a axilizar os trámites administrativos de competencia municipal para a súa posta en funcionamento.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das Axudas Municipais á Creación de Empresas ás que, de ser o caso, opte.
- Terá preferencia, na concesión das Axudas PEIM que, de ser o caso, opte. (ditas bases aprobaronse na comisión de goberno de data 18 de decembro do 2000, sendo modificadas na Xunta de Goberno Local do 14 de marzo do 2011)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(518).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” PARA A ORGANIZACIÓN DAS XXII XORNADAS DAS MULLERES VECIÑAIS 2014. EXPTE. 6679/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.04.15, o informe de fiscalización do 22.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 16.04.15, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo aprobou o 13 de xuño de 2014 o orzamento municipal para o exercicio presupostario 2014. Este Orzamento entrou en vigor o 20 de xuño, tras a súa publicación, e nel consta a aplicación presupostaria nominativa 2311.489.0005 (Convenio Federación Eduardo Chao – Xornadas veciñais), cunha dotación presupostaria de 6.000,00 euros, que daría cobertura presupostaria á organización e desenvolvemento das “XXII XORNADAS DAS MULLERES VECIÑAIS 2014” por parte da Federación de Asociacións veciñais “Eduardo Chao” de Vigo (G-36.681.708).

Con data de Rexistro 27/11/2014 a Federación solicita á Concellería de Igualdade a tramitación deste convenio achegando o proxecto do convenio, que non é definitivo, pois o 18/12/2014 a mesma entidade presenta modificacións ao mesmo.

O 27/12/2014 a Federación presenta escrito no que sinalan que achegan ao expediente certificacións de estar ao corrente de pago coas Administracións Públicas así como certificados relativos á identificación do representante legal da entidade. En canto aos certificados unicamente se achega o de estar ao corrente coa seguridade social.

O 13/01/2015 a xefa do servizo de Igualdade remite comunicación á Federación na que se fai constar que non foi posible tramitar o expediente do convenio do exercicio 2014 porque non se presentou toda a documentación necesaria pois non se achegaron as certificacións de non ter débedas coa Axencia tributaria do Estado e da Facenda da Xunta de Galicia (comunicación notificada o 15/01/2015).

Con data 5 de febreiro de 2015, a Federación de asociacións veciñais presenta escrito no que formula "recurso de reposición" contra a anterior comunicación.

Conforme ao réxime xurídico das subvencións (contido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións, entre outros), o procedemento dunha concesión de subvención nominativa debe observar os seguintes extremos:

- Os artigos 13.2 da Lei 38/2003 e 10.2 da Lei de Galicia 9/2007 dispoñen que non poden obter a condición de beneficiarias de subvencións as persoas ou entidades que non se atopan ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social;
- Os artigos 14 da Lei 38/2003 e 11.e) establecen que é obriga das entidades beneficiarias das subvencións acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social;
- O artigo 22 do Real decreto 887/2006 recolle as condicións que deben ter as certificacións que acrediten o cumprimento do anterior.

En ningún momento, a Federación presentou os certificados acreditativos de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias (coa Axencia Estatal de Administración Tributaria ou coa Concellería de Economía e Facenda da Administración pública da Comunidade autónoma galega).

A falta de acreditación deste requisito en prazo, imputábel unicamente á Federación de asociacións veciñais, conleva que non puidese ter a condición de beneficiaria e, polo tanto, non se lle concedera a subvención.

En relación ao anterior prazo de acreditación, cómpre lembrar que:

- O peche e liquidación do presuposto, en canto ao pagamento de obrigas, debe efectuarse o 31 de decembro do ano natural (Artigo 89.1 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo relativo aos orzamentos da Lei de facendas locais).
- O prazo de xustificación de calquera subvención non pode ser despois da segunda semana de decembro (Base 38.11 das Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2014, aprobadas conxuntamente co Orzamento municipal).

Do anterior, despréndese que a aprobación da subvención debería estar feita tamén con anterioridade a estas datas de modo que a posterior xustificación das axudas se puidese realizar dentro dos prazos marcados.

Cabe subliñar ademais, que o acto que pretende recorrer a Federación, no escrito de data 5/02/2015, non é unha resolución senón unha simple comunicación por parte da xefa do servizo de Igualdade. Ao non existir no expediente unha resolución de órgano competente que resolva o procedemento de concesión de subvención non pode cualificarse o anterior escrito como recurso de reposición, senón que se trataría dun escrito de alegacións.

Neste expediente constan informes xurídicos do secretario de Administración municipal (de data 11 de marzo) e da Asesoría xurídica (de data 10 de abril).

Coa finalidade de dar resolución ao procedemento de concesión de subvención nominativa, consonte ao artigo 42.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, propónse a resolución do expediente por parte do órgano competente. De conformidade co artigo 127,1,g) da Lei 7/1985, de 2 de maio, reguladora das bases do réxime local, corresponderá a Xunta de Goberno Local esta resolución.

Con carácter previo á resolución do expediente, remítese o mesmo á Intervención xeral, de conformidade coa Consideración xurídica IV do Informe de Asesoría xurídica e cos artigos 9 da Lei 38/2003, 6 da Lei de Galicia 9/2007 e 214.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

Á vista do exposto e previos os informes xurídicos e da Intervención Xeral, coa conformidade da concelleira delegada de Igualdade, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

“1º.- Non conceder a subvención prevista nominativamente a favor da Federación de Asociacións veciñais de Vigo “Eduardo Chao” (G-36.681.708) para a organización e desenvolvemento do programa “XXII xornadas das mulleres veciñais 2014”, toda vez que non quedou acreditado por parte da entidade dentro do exercicio presupostario o requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias, necesario para obter a condición de beneficiaria da subvención.

2º.- Notificar este acordo á “Federación de asociacións veciñais Eduardo Chao”, con indicación dos recursos que poderá interpoñer contra o mesmo, garantindo deste xeito o seu dereito de defensa en vía administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(519).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2015. EXPTE. 43798/212.

Mediante escrito de data do 17.04.15, en cumprimento do disposto na base 31ª das do orzamento vixente, o concelleiro delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, dá conta da relación de expedientes de gasto menor tramitados pola Policía Local durante o primeiro trimestre do ano 2015, que son os seguintes:

Expte.	Partida	CM	Asunto	Adjudicatario	Data Decreto	Data Rc	Importe
42939-212	13202279902	SER	Xestión administrativa verificación e transporte aparellos medición	-	23/01/15	02/02/15	9.000,00 €
43676-212	13202279904	SER	Apoio xurídico á Policía Local	Carlos Borrás Díaz de Rábago	31/03/15	08/04/15	7.260,00 €
42931-212	13202260100	SUB	Atencións protocolarias	-	23/01/15	02/02/15	5.000,00 €
42934-212	13202260100	SER	Atencións protocolarias	-	23/01/15	02/02/15	1.000,00 €
42930-212	13202200101	SUB	Material didáctico educación vial	-	23/01/15	02/02/15	6.000,00 €
42914-212	13202200100	SUB	Libros, publicacións e material didáctico	-	16/01/15	27/01/15	500,00 €
43202-212	13202279900	SER	Mantemento etilómetros	Drager Safety Hispania	11/02/15	18/02/15	3.223,83 €
42913-212	13202130000	SER	Reparación e mantemento material diverso	-	16/01/15	27/01/15	12.000,00 €
43282-212	13202211200	SUB	Material electrónico e telecomunicacións	-	21/02/15	27/02/15	1.000,00 €
43041-212	13202140000	SER	Reparación e mantemento medios locomoción	-	30/01/15	04/02/15	6.000,00 €
42912-212	13202219900	SUB	Material diverso para operatividade	-	16/01/15	27/01/15	18.000,00 €
42927-212	13202120000	SUB	Reparación e mantemento outras construcións	-	23/01/15	02/02/15	18.000,00 €
42916-212	13202190000	SER	Reparación e mantemento outro inmovilizado	-	16/01/15	27/01/15	18.000,00 €
42813-212	13202279911	SER	Transportes realizados outras empresas	-	02/01/15	05/01/15	2.000,00 €
43151-212	13202240000	SER	Seguro colectivo accidentes PIT Castro	Mapfre	10/02/15	17/02/15	2.410,63 €
43203-212	13202270602	SER	Recollida e análises saliva condutores	Drager Safety Hispania	11/02/15	18/02/15	6.595,42 €
42911-212	13202260400	SER	Representación procesual	-	23/01/15	02/02/15	3.000,00 €
42933-212	13202279906	SER	Mantemento comunicacións	-	23/01/15	02/02/15	5.000,00 €
42929-212	13202210400	SER	Vestuario	-	23/01/15	02/02/15	3.000,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

9(520).- MODIFICACIÓN DAS BASES REITORAS ESPECÍFICAS DE 23 PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, CORRESPONDENTES Á OEP 2010- 2011, EN EXECUCIÓN DE SENTENZA Nº 298/2014, DE 22/12/2014. EXPTE. 26532/220.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.04.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de xestión Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 30 de decembro de 2010, aprobou a oferta de emprego público municipal para o dito ano, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 4 de febreiro de 2011 e no DOG de data 18 de febreiro seguinte.

Así mesmo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2011, aprobouse a oferta de emprego público correspondente ao ano 2011, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 16 de febreiro de 2012 e no DOG de data 28 de febreiro seguinte.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 14 de setembro de 2012, autorizou a convocatoria dos procesos selectivos para a provisión das prazas vacantes contidas nas ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2010 e 2011, de conformidade coas bases das convocatorias específicas. Por acordo do mesmo órgano de data 05/12/2013 e 13/12/2013, deuse aprobación, entre outras, as bases específicas da convocatoria de 23 prazas de policía, que foron publicadas no DOG de 24/12/2013.

Nas referidas convocatorias figuran un total de 23 prazas de policía local, das que 18 se ofertan pola quenda libre e 5 para o acceso desde outros corpos da policía local da Comunidade Autónoma de Galicia, por esixilo así a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia.

Na Base IV das específicas -Condicións dos e das aspirantes, establecíase que:

Para poder tomar parte no proceso selectivo de acceso, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española.
- b) Superar os 18 anos de idade e non ter cumpridos os 36 no caso dos aspirantes que se presenten pola quenda libre e para o caso dos aspirantes que se presenten pola quenda de mobilidade horizontal non faltar mais de doce anos para pasar á situación de segunda actividade con destino por razón da idade.
- c) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros os homes e 1,60 metros as mulleres. Este requisito acreditarase mediante declaración xurada sen prexuízo da súa posterior constatación.
- d) Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título de Bacharelato (LOE), Bacharelato (LOXSE), Bacharelato unificado polivalente (Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación), Bacharelato superior (plan 1957), técnico (LOE), técnico (LOXSE), técnico especialista da Lei 14/1970 ou ter aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obligatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se acreditará mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo. No caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.
- e) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B con BTP, segundo disposto no Decreto 77/2010, de 29 de abril, polo que se modifica o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais. Deberase achegar copia compulsada dos ditos permisos.
- f) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante a presentación dunha declaración xurada nos termos sinalados.

- g) *Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o/a aspirante presentará en forma de declaración xurada.*
- h) *Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, acreditado mediante declaración xurada.*
- i) *Presentación dun certificado médico en que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico.*
- j) *Presentación do xustificante de aboamento dos dereitos de exame.*
- k) *Aqueles aspirantes que se presenten pola quenda de mobilidade horizontal deberán acreditar que posúen unha categoría igual á da convocatoria (policía) como funcionarios de carreira noutros corpos de Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia así como unha antigüidade mínima de 5 anos en dita categoría. Tales requisitos acreditaranse mediante certificación expedida pola entidade ou entidades nas que o aspirante prestara os seus servizos.*

2.- Todos estes requisitos, así como o estar en posesión do título acreditativo do nivel de lingua galega esixido para a exención do exame, deberán acreditarlos na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.

O Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, en sentenza nº 298 do 22/12/2014 declarou a nulidade do apartado IV.1 b) das bases específicas da convocatoria pública para a provisión de prazas de policía local deste Concello, condenando a éste a eliminar de dito apartado o requisito de "non ter cumpridos os 36 anos de idade no caso dos/as aspirantes que se presenten pola quenda libre" e, en execución da mesma, publicar as bases da convocatoria coa supresión desta mención ao límite máximo de 36 anos, outorgando novo prazo de presentación de instancias.

Transcorrido o prazo legalmente previsto, sen que polas partes fora interposto recurso ningún, foi declarada a súa firmeza, segundo dilixencia de ordenación do referido xulgado de data 22/01/2015.

En consecuencia, a vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

"Primeiro.- Proceder á execución da Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo nº 298, do 22/12/2014, e en cumprimento da mesma modificar o apartado b) da Base IV.1 -Condicións dos e das aspirantes-, das bases específicas reitoras da convocatoria para a cobertura de 23 prazas de policía, 18 delas pola quenda libre e 5 por concurso pola quenda de mobilidade horizontal para o acceso dende outros corpos da policía local da CCAA de Galicia, que pasa a contar coa seguinte redacción: "-Superar os 18 anos de idade e, para o caso dos/das aspirantes que se presenten pola quenda de mobilidade horizontal, non faltar mas de 12 anos para pasar á situación de segunda actividade con destino por razón da idade."

Segundo.- Acordar ter por validamente presentadas todas aquelas solicitudes de participación nos procesos selectivos para a provisión de prazas de policía local que fosen indebidamente

excluídas por razón do límite de idade, sempre que conste o pagamento das correspondentes taxas.

Terceiro.- Acordar, en execución da sentenza indicada e co alcance contido no fallo da mesma, a apertura de novo prazo de presentación de solicitudes de participación nos procesos selectivos convocados para a provisión de 23 prazas de policía (18 pola quenda libre e 5 por concurso pola quenda de mobilidade horizontal para o acceso dende outros corpos da policía local da CCAA de Galicia) incluídas na OEP do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2010 e 2011, concretándose dito prazo en 20 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado (BOE), tal e como establecen as bases xerais para a presentación de instancias.

Cuarto.- Acordar que a referida modificación se publique no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e e no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, sen prexuízo da publicación do seu anuncio nos diarios e boletíns oficiais en que proceda, na prensa local e na páxina web municipal www.vigo.org”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(521).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE NÚM.: 26276/220. EXPTE. 26562/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 27.04.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de marzo de 2015, acordou proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentencia nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 estimatoria parcial e declarativa do dereito dos funcionarios cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso á percepción dun complemento de produtividade pola actividade extraordinaria realizada como sarxentos no ano 2013, nos termos e condicións da propia sentenza e nos autos no Auto de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, dando cumprimento á extensión dos efectos da Sentenza nº 177/2005, e consecuentemente dispoñer o aboamento das cantidades que se sinalan correspondente ás substitucións acreditadas polos recorrentes que superen un mes no período de un ano, tal e como establece o fundamento xurídico 2º da citada resolución xudicial.e prestar conformidade ao calculo que se desglosa a continuación , e que supón un total de 16605.83 €, con cargo a partida 9200.1410000, Indemnizacións por sentenzas xudiciais.

N PERSOAL	NOME	IMPORTE
20592	ALONSO COVELO VICENTE	1.074,84 €
20801	ALONSO VILLAR JUSTO	747,64 €
18508	FERNANDEZ CABALEIRO J LUIS	1.220,64 €
78777	FUENTES DOMINGUEZ JOAQUIN	1.668,21 €
79341	ILLAN LOMBAO, JUAN CARLOS	773,07 €
14090	LOPEZ LANDESA FELIX	3.173,67 €
20853	LOPEZ RIOCABO JESUS	1.105,36 €
20669	RODRIGUEZ LAGO CARLOS	1.383,40 €
20965	ROMERO IGLESIAS RAFAEL	1.919,12 €
77168	SOAGE BERMUDEZ HECTOR	1.749,59 €
21380	VILLAR COMESAÑA JOSE A	1.139,27 €
14700	VILLAVERDE VELEIRO J.B.	651,01 €
		16.605,83 €

En dito acordo, por un erro mecanográfico no informe-proposta deste servizo de Recursos Humanos de data 17/02/2015, figura o ano 2013 cando o aboamento proposto refírese as cantidades correspondentes ao ano 2014.

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro mecanográfico detectado no informe-proposta do servizo de Recursos Humanos, de data de 17/02/2015, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/03/2015 (Expte. 26276-22), polo que se aprobou o aboamento das cantidades sinaladas en concepto de indemnizacións por sentenza xudicial debendo figurar que dito aboamento corresponde ao ano 2014.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(522).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN, CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO 2015. EXPTE. 26425/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.04.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 19.03.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de Xestión municipal, que di o seguinte:

A directora do Laboratorio Municipal co visto e prace da Concelleira-Delegada do servizo remite relación do persoal do servizo de Desinfección que ten dereito a percibir o complemento de produtividade correspondente ao mes de Febreiro de 2015, por as tarefas que a diario desenvolve o persoal de dito servizo de control de pragas que van orientadas ao control curativo-preventivo de calquera praga (insectos, roedores, fungos, bacterias, etc.) que eclosione dentro do término municipal.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicado no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

No EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instrucións sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) contemplan expresamente na Instrución Terceira apartado e), que “aboarase con cargo ó complemento de produtividade, a toxicidade do persoal adscrito ó Servizo de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos, por un importe de 122,21 €/mes (5,58 €/día). Así mesmo, pola Xunta de Goberno Local, poderá recoñecerse o dereito a dita percepción a calquera outro Servizo no que se comprobe e acredite suficientemente que concorre este concepto”.

No presente expediente relaciónase o persoal da Unidade de Desinfección que manipula produtos tóxicos e perigosos correspondente ao mes de febreiro de 2015.

O servizo de prevención de Riscos laborais, en data 24/06/2014 informa a este servizo que o traballo desenvolvido polos persoal adscrito a Unidade de Desinfección do Concello de Vigo conleva unha importante esixencia física, que ten como riscos principais a manipulación manual de cargas, a adopción de posturas forzadas e o risco de exposición a produtos perigosos para o ser humano, co risco engadido que supón o traballo en horario nocturno que realizan todos os venres do ano e os meses da campaña de desratización.

O aboamento das productividades efectuaranse en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, vacacións, permisos non retribuídos, suspensión de relación laboral, etc., sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do Acordo regulador vixente. Nembargantes, consideraránse como traballados os períodos correspondentes a permisos e licencias contidos no Acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ao servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 20/06/2014, aprobou as “INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA APLICACIÓN DAS PREVISIÓNS CONTIDAS NA LEI 27/2013, DO 27 DE DECEMBRO (LRSAL), LEI 5/2014, DO 27 DE MAIO E LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2014. (EXPTE. 25068/220), na cal se estableceu, entre outros aspectos, a determinación dos sectores ou servizos prioritarios no ámbito da Administración Municipal de Vigo, xunto con outros aspectos relativos á xestión das retribucións complementarias non fixas nin periódicas (gratificacións por servizos extraordinarios e produtividade) e na contención do gasto.

Así mesmo, en sesión de data 29/08/2014, se acorda a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS INSTRUCIÓNS EN MATERIA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DERIVADAS DA LRSAL E LEI AUTONÓMICA 5/2014, DO 27 DE MAIO, EN CANTO AO LÍMITE DE GASTO EN CONCEPTO DE PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS. EXPTE. 25571/220, autorizando o incremento do límite de gasto en concepto de produtividade, en armonía co establecido nas Bases de Execución dos Orzamentos Municipais aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 13 de xuño de 2014, e actualmente vixentes .

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o outorgamento dun complemento de produtividade por toxicidade ao persoal relacionado no listado anexo, fundamentadas nos informes emitidos pola xefatura do servizo obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, segundo o recollido na Instrucción Terceira apartado e) sobre plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e acordos da Xunta de Goberno Local, de data 16/05/2014 e 6/06/2014 (toxicidade) polas cantidades que figuran na relación contida no Anexo I –e que forma parte inseparable do presente acordo-, outorgamento que realizárase con cargo á aplicación orzamentaria 920.0150.00.00- “Productividade”, por importe de 488,84 €.

Segundo.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, para a súa inclusión na vindeira nómina”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

ANEXO

<i>N.P.</i>	<i>Nome</i>	<i>Importe</i>
16350	Seijas Álvarez, José Ramón	122,21
09722	Pardellas Avion, A Avelino	122,21
22790	Sousa Atrio, Jose Manuel	122,21
81369	Seijas Fernández, Alberto	122,21

Consta no expediente informe da xefa do Laboratorio municipal, de data 22.04.15, emitido en cumprimento das conclusións do informe de fiscalización.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(523).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE COMERCIO. EXPTE. 26486/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.04.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.04.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 02 de marzo de 2015, o Xefe do Servizo de Comercio, coa conformidade do Concelleiro-delegado de Comercio, Limpeza, Distritos e Parques e Xardíns, solicita o nomeamento urgente por acumulación de tarefas dun/dunha auxiliar administrativo/a, pola inexistencia ou falta de persoal administrativo suficiente que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente e que garanta a realización das tarefas administrativas indispensables do Servizo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 07 de abril actual, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urgente nomeamento interino dun/dunha auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo referenciado, nos termos da solicitude do seu xefe de Servizo de data 02 de marzo de 2015, das listas de substitución existentes da derradeira convocatoria de persoal auxiliar correspondente a oferta de emprego público executada ou, de non existir candidatos/as suficientes, da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local en data 13/03/2015.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a

correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Seguindo estrictamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde segundo informe técnico que figura no expediente, o nomeamento como auxiliar de administración xeral da aspirante D^a. BEATRIZ FERNÁNDEZ IGLESIAS, DNI 53.188.392-H, que aceptou expresamente o mesmo, significando así mesmo que a interesada acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a aspirante proposta D^a. Beatriz Fernández Iglesias, DNI 53.188.392-H leva máis de seis meses dende que rematou o seu derradeiro nomeamento interino como auxiliare de administración xeral (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 24783/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14/02/14, rematando o mesmo en data 23/08/2014, polo que está en condicións de ser novamente nomeada desde o 24 de febreiro pasado.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das “Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguemento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recurrir a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recurrir as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de

funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, merito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun periodo de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en rexime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Ferias, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

n) Participar na vixiancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicaciónes”.

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademáis: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademáis: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademáis: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restricción no exercicio das competencias municipais, únicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).
- Intervención Xeral Municipal.
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.
- Recursos Humanos.
- Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto

as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrucción 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.i) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo Instrucción 1/2014 da Intervención Xeral sobre a aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición do xefe dos Servizo de Comercio, anexo ao expediente.

O importe do custe de dito nomeamento, para acomete-lo gasto proposto durante un periodo de seis meses ascende a un total de 10.747,62€, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Auxiliar de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Comercio contidas no escrito de data 04 de febreiro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.747,62€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, do vixente orzamento prorrogado para o presente ano, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, a D^a. BEATRIZ FERNÁNDEZ IGLESIAS, DNI. 36.053.544-D, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscrito ao Servizo de Comercio (cód. 015).

Cuarto.- Establecer que a xonada laboral da funcionaria nomeada desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do servizo fose necesario”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(524).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE DOUS/DÚAS AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DA LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 26487/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.04.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.04.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 25 de febreiro de 2015, a Xefa de Estatística solicita o nomeamento urxente por acumulación de tarefas de persoal auxiliar que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente e que garanta o mantemento do correcto funcionamento do Servizo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 09 de abril seguinte, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de dous/dúas auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, previstos no artigo 10.1.d). da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo referenciado, nos termos da solicitude da súa xefa de Servizo de data 25 de febreiro de 2015.

En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de

Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral. Neste intre a referida lista atópase esgotada, toda vez que os/as aspirantes que aínda permanecen na mesma atópanse prestando servizos neste Concello ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do EBEP.

En consecuencia, procede recorrer a lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde segundo informe técnico que figura no expediente, o nomeamento como auxiliares de administración xeral das aspirantes D^a. ISABEL GARCÍA NOVAIS, DNI 44.832.928-V e, D. LEROY NÚÑEZ AGUÍN, DNI 77.406.650-N, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que as aspirantes propostas D^a. Isabel García Novais e D. Leroy Núñez Aguín, non prestaron servizos nesta Administración como auxiliares de administración xeral (art. 10.1.d) do EBEP, polo que están en condicións de nomeados.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das “Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo”, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na última convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos

sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.

2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

–Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).

–Intervención Xeral Municipal.

–Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.

–Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)

–Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.

–Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.

–Recursos Humanos.

–Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a

responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento do Concello.

O importe do custe de ditos nomeamentos, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 21.495,24€, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“**Primeiro.**- Declara-la urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Auxiliares de administración xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Estatística, contidas no escrito de data 25 de febreiro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 21.495,24€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 do vixente orzamento prorrogado para o presente ano, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionaria/o interina/o por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral, por un período máximo de seis meses, á D^a. ISABEL GARCÍA NOVAIS, DNI 44.832.928-V e, D. LEROY NUÑEZ AGUÍN, DNI 77.406.650-N, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o

nomeamento de Auxiliares de Administración Xeral, autorizado pola Xunta de Goberno Local de 16/01/2015 e no disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

Terceiro.- Dispoñer que o nomeamentos indicados realizaranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138-Auxiliar, sendo adscritas ao Servizo de Estatística (cód. 234).

Cuarto.- Establecer que a xornada laboral das funcionarias nomeadas desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(525).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUN/DUNHA OFICIAL SEPULTUREIRO/A, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO LEI 7/2007, DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE CEMITERIOS. EXPTE. 26488/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.04.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 22.04.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Con data 4 de febreiro de 2015, a Xefa de Negociado de Cemiterios, coa conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude, solicita o nomeamento urgente por acumulación de tarefas de dous/dúas oficiais sepultureiros/as, pola escasez de RR.HH existentes no Servizo para cubrir os servizos nos oito cemiterios municipais, debido o aumento das cremacións, que deu lugar a un incremento importante das exhumacións, agravado polas baixas de enfermidade coas que conta na actualidade, as horas de representación sindical de tres oficiais do Servizo e, a minoración dunha praza que se adscribiu a outro servizo municipal consecuencia da adaptación de funcións en aplicación da Lei de Prevención de Riscos laborais.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 07 de abril actual, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino dun dos oficiais sepultureiros por acumulación de tarefas solicitados, previstos no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cemiterios, nos termos da solicitude da súa Xefa de Negociado, de data 04 de febreiro de 2015.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo dun/dunha praza de Oficial sepultureiro/a, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 21 de outubro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 13 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos seis aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral. Neste intre un dos seis aspirantes da lista atópase fora da mesma por ter renunciado en dúas ocasións a formalización de sendos nomeamentos interinos neste Concello.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como oficiais sepultureiros do aspirante nº 1 - D. MANUEL ANGEL CURRÁS VILLAR, DNI 36.109.826-X, que aceptou expresamente mediante escrito de data 8 de abril pasado, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto, significando que nesta data ningún/ningunha outro/a aspirante reúne os requisitos para ser novamente nomeado, ben por renuncia ou por que aínda non cumpren o período mínimo de seis meses dende que finalizou o derradeiro nomeamento por acumulación de tarefas como oficiais sepultureiros, tal e como establece o artigo 10.1.d) do EBEP.

Consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto leva mais de seis meses dende que rematou o seu derradeiro nomeamento interino como oficial sepultureiro (art. 10.1.d) do EBEP, expte. 24886/220 aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 28/02/14, rematando o mesmo en data 02/09/2014, polo que está en condicións de ser novamente nomeado desde o día 03 de marzo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira

persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 205-Oficial Sepultureiro/a), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na derradeira convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, dispón no seu artigo 21.2, que durante o ano 2015 non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.

h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

j) Protección da salubridade pública.

k) Cemiterios e actividades funerarias.

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterios, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.

–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.

–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- *Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

–Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).

–Intervención Xeral Municipal.

–Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.

–Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)

–Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.

- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.
- Recursos Humanos.
- Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

O artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece que “El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en éste artículo, ejerciendo en todo caso, entre otras, en materia de *Cemiterios e actividades funerarias*, art. 25.2.k).

O artigo 26 da Lei 7/0985, establece tamén no seu artigo 26.1.a) que os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos de “alumbrado público, cementerios, recogida de residuos, limpeza viaria, abastecimento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas.”

Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.k) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación dos servizos de Cemiterios e actividades

funerarias, como servizo público esencial, informase favorablemente ao devandito nomeamento, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición asinado pola Xefa do Negociado de Cemiterios deste Concello de data 4 de febreiro do presente ano, que obra no expediente.

O importe do custe de dito nomeamento, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 11.160,00€, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Oficial Sepultureiro/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cemiterios, contidas no escrito 4 de febreiro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 11.160,00 con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas como Oficial Sepultureiro, por un período máximo de seis meses, á D. MANUEL ANGEL CURRÁS VILLAR, DNI 36.109.826-X, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Oficial Sepultureiro, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que o nomeamento indicado realizárase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 205-Oficial Sepultureiro/a, sendo adscrito ao Servizo de Cemiterios (cód. 303).

Cuarto.- Establecer que a xornada laboral do referido funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a domingo, en xornada partida de mañá e tarde -08,45 a 13,00 e de 15,15 a 18,30 horas, en calquera dos oito cemiterios municipais, segundo as necesidades do Servizo que garanta ós seus períodos de descanso regulamentarios."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8,

25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(526).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:

A) MELCOR DOS S.L. EXPTE. 92518/210.

Visto o informe de fiscalización do 8.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Seguridade, do 15.04.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

En data 18 de febreiro de 2015 o cal recibíuse en Tesourería o día 09/03/15 así como figura no informe do Interventor por parte de Ingeniería y Construcciones Melcor Dos, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Venezuela, 34, (expte 92086/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Ingeniería y Construcciones Melcor, Dos, S.L., en data 17 de marzo de 2015 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 18 de marzo de 2015, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 08 de abril de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Ingeniería y Construcciones Melcor Dos, S.L., a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 18 de febreiro de 2015 por Ingeniería y Construcciones Melcor Dos, S.L., con NIF B-70240593, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Venezuela, 34, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) CAL BAIXOMIÑO. EXPTE. 92384/210.

Visto o informe de fiscalización do 8.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Seguridade, do 16.04.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

En data 12 de xaneiro de 2015 por parte de Cal Baixomiño Construcciones y Servicios, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Aragón, 8, (expte 91658/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Cal Baixomiño Construcciones y Servicios, S.L., en data 05 de marzo de 2015 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 09 de marzo de 2015, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 08 de abril de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Cal Baixomiño Construcciones y Servicios, S.L., a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 12 de xaneiro de 2015 por Cal Baixomiño Construcciones y Servicios, S.L., con NIF B-94081353, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Aragón, 8, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

C) ENRIQUE BALBOA FERNÁNDEZ. EXPTE. 92350/210.

Visto o informe de fiscalización do 8.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Seguridade, do 14.04.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

En data 12 de febreiro de 2015 por parte de Enrique Eduardo Balboa Fernández, constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Sagunto, 26, (expte 92053/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Enrique Eduardo Balboa Fernández, en data 03 de marzo de 2015 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 09 de marzo de 2015, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 08 de abril de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Enrique Eduardo Balboa Fernández, a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 12 de febreiro de 2015 por Enrique Eduardo Balboa Fernández, con NIF 39490827-B, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Sagunto, 26, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

D) RAMÓN BORRAJO CASTRO. EXPTE. 92349/210.

Visto o informe de fiscalización do 8.04.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Seguridade, do 15.04.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

En data 03 de febreiro de 2015 por parte de Ramón Borrajo Castro, constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Teófilo Llorente, 65, (expte 91913/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Ramón Borrajo Castro, en data 03 de marzo de 2015 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 09 de marzo de 2015, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.

En data 08 de abril de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Ramón Borrajo Castro, a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 03 de febreiro de 2015 por Ramón Borrajo Castro, con NIF 36075087-R, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Teófilo Llorente, 65, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(527).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO PARA EXECUTAR LAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE TELECONTROL NA EBAR DE CORUXO. EXPTE. 3134/440.

Visto o informe de fiscalización do 23.04.15, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 21.04.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA-FCC" - no sucesivo a Concesionaria- presentou en marzo de 2015, memoria valorada redactada polo enxeñeiro industrial D. Casimiro Fontenla Bugallo e dirixido polo Xefe de Área de Fomento, D. Álvaro Crespo Casal e o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños para a "Instalación de telecontrol na EBAR de Coruxo", cun orzamento de 20.540 Euros, IVE excluído, incluído na clausula terceira da prórroga da concesión administrativa acordada pola Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011.

III.- Coa mesma data, a Concesionaria presenta detalle dos custos asociados a referida memoria (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 478,98 euros, IVE excluído.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- O acordo sobre prórroga da concesión administrativa da xestión integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento da Auga adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de novembro de 2011, continúa o compromiso da Concesionaria de levar a cabo unha serie de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Para garantir un nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8 de marzo de 2013, aprobou un protocolo de control das obras inherentes aos distintos plans de investimentos da concesión. Por isto, sen perxuízo de encomendar á Concesionaria a redacción do proxecto, prevé que o mesmo sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local (a proposta da súa dirección técnica, que deberá contar co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento).

Segundo.- O proxecto técnico constitúe un elemento esencial no contrato de obras en canto define o obxecto do mesmo. Neste caso o obxecto son as obras de Instalación de telecontrol na EBAR de Coruxo. O prazo estimado para a execución das obras é de 1 mes.

O artigo 123 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) determina o contido obrigatorio dos proxectos. Ao respecto, consta no expediente informe favorable da oficina de supervisión de proxectos emitido polo enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, o 21 de abril de 2015, no que indica que a documentación do proxecto está completa, tendo en conta as disposicións xerais de carácter legal así como a normativa técnica de aplicación. Ao expediente debe incorporarse o replanteo do proxecto unha vez aprobado o mesmo.

Terceiro.- Respecto aos prezos das unidades de obra, a Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de marzo de 2013 aprobou o cadro de prezos ao que quedan suxeitos a elaboración dos orzamentos que conformen os proxectos que se executen no plan de investimentos asociados á prórroga.

No informe técnico de supervisión do proxecto emitido polo referido enxeñeiro municipal en data 21 de abril de 2015 consta que os prezos unitarios incluídos no proxecto para a execución do contrato, se axustan ao referido cadro de prezos e tamén aos prezos xerais do mercado.

Cuarto.- Respecto aos custos asociados ao proxecto presentados pola Concesionaria, consta no expediente informe do enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, de data 21 de abril de 2015, indicando que as porcentaxes relativas aos honorarios dos traballos de redacción de proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde respecto do PEM do proxecto correspóndense cos ratios que utiliza a Área de Fomento aprobados pola Xunta de Goberno Local o 8 de marzo de 2013.

Quinto.- Previamente a someter o proxecto á Xunta de Goberno Local o mesmo debe ser remitido á Intervención xeral para informe de fiscalización previo, en cumprimento do previsto no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a memoria para executa-las obras de Instalación de telecontrol na EBAR de Coruxo, por un importe total de 20.540 euros (IVE excluído), e un prazo de execución de 1 mes, con cargo as inversións recollidas no acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 478,98 euros con exclusión do IVE, de acordo co seguinte detalle:

<i>Custe asociado</i>	<i>Responsable do traballo</i>	<i>Honorarios</i>
<i>Redacción de proxecto</i>	<i>ESINPRO, S.L.</i>	<i>345,21 €</i>
<i>Prevenición de riscos laborais</i>		<i>83,30 €</i>
	<i>SUMA</i>	<i>431,51 €</i>
	<i>11% Gastos de Xestión</i>	<i>47,47 €</i>
	<i>TOTAL (IVE excluído)</i>	<i>478,98 €</i>

Terceiro.- O presente acordo notifíquese a Aqualia-FCC da forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(528).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA AMPLIACIÓN DAS REDES DE DISTRIBUCIÓN DE GAS EN SUBIDA A MACEIRAS Nº 5-CHAPELA. EXPTE. 3235/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 27.04.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

A empresa Gas Galicia, SDG, S.A. Solicita autorización ao Concello de Redondela para a execución das obras de "Ampliación das redes de distribución de gas en Subida a Maceiras, nº 5 - Chapela", cun orzamento base de licitación de 13.158,42 Euros (trece mil cento cincuenta e oito euros con coarenta e dous céntimos).

As obras a realizar atravesan o trazado do antigo canal de subministro de auga dende o embalse de Eiras a Vigo, polo que solicitan autorización do Concello de Vigo.

As obras consisten na construción dun tramo de canalización con tubería de polietileno de 90 mm de diámetro nominal e unha lonxitude total de 313, 01 m., cunha acometida.

Existe informe favorable da empresa concesionaria Aqualia de data 19 de marzo pasado.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1º.- Autorizar a Gas Galicia, SDG, S.A. con cargo aos seus orzamentos, a construción dun tramo de canalización con tubería de polietileno de 90 mm. de diámetro e 313, 01 m. de lonxitude na Subida a Maceiras, 5, dacordo coas condicións que a continuación se indican:

- A canalización deberá instalarse paralelo ao canal e a unha distancia mínima de seguridade de 1 m. que impida calqueira dano no mesmo, con pedentes adecuadas para os usos previstos, que non deberá ser inferior ao 1 %.
 - Os cruces do canal realizaránse a unha distancia mínima de seguridade de 50 cm. con tubo enteiro, sin unións nin conexións, evitando en todo momento que a maquinaria pesada traballe sobre o canal. En ningún caso, a tubería poderá cruzar a sección útil do Canal.
 - Notificarase ao Concello de Vigo e a empresa concesionaria "Aqualia" a data de inicio dos traballos cunha antelación mínima de 15 días naturais para poder programar a supervisión dos mesmos.
 - Atendérase en todo momento, as instrucións e criterios constructivos indicados polos Técnicos municipais durante a execución da obra.
- Os danos producidos no canal e elementos constructivos da traza serán responsabilidade de Gas Natural e deberán ser reparados ao seu cargo.

2º.- Esta autorización se concede en precario, xa que no caso de que o Concello de Vigo procedese a realizar calqueira obra no terreo da traza do canal e resultase afectada a obra ou instalación á que se refire a presente autorización, será por conta de Gas Natural, SDG, S.A., o seu traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resultase necesaria, nos prazos e condicións que estableza o Concello de Vigo, sin que esto supoña dereito a indemnización algunha.

3º.- O incumprimento dalguna das condicións indicadas anteriormente será motivo da apertura dun expediente sancionador que pode dar como resultado, aparte da sanción económica correspondente, a demolición da obra realizada.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(529).- TOMA DE COÑECEMENTO DA ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO CORRESPONDENTE Á OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE I”. EXPTE. 2675/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de fomento, do 21.04.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

Con data 19 de xaneiro de 2015 tivo lugar a sinatura da acta de comprobación do replanteo das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE I (Expte. 2675/440), suspendéndose temporalmente o seu inicio ata que se aprobase o Plan de Seguridade e Saúde, o que ocorreu con data 11 de febreiro de 2015. Por isto con data 19 de febreiro de 2015 asinouse o anexo á referida Acta na que se inclúe xa a previsión de que a data de inicio das obras sería o día seguinte.

Os asinantes de ambos os dous documentos foron por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA, en representación da dirección facultativa da obra e D. JUAN PIÑEIRO NOGUEIRA en representación da mercantil CIVISGLOBAL como adxudicataria da execución das obras.

(Se anexan copias das mesmas)

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 3 que un exemplar da acta de comprobación do replanteo, se remitirá ao órgano de contratación .

Así mesmo o Prego de Clausulas Administrativas Particulares que rixe o presente expediente recolle na CLÁUSULA 25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, no punto 3. apartado c) sobre a Comprobación do replanteo “O servizo xestor, dentro do prazo máximo dun mes ou inferior que se consigne no contrato desde a data da súa formalización, procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.”

Por último, o órgano de contratación ao ser Vigo un municipio de gran poboación é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto no RDL 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Por isto e en cumprimento de dito precepto a Acta de Comprobación de Replanteo previa a execución das obras de HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE I, aprobado en data 3 de outubro de 2014 e adxudicado en data 26/12/14 co expediente 2.675/440, remítese á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada da sinatura da Acta de Comprobación de Replanteo previa a execución das obras de HUMANIZACIÓN DA RÚA GERONA. FASE I.

19(530).- TOMA DE COÑECEMENTO DA ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO CORRESPONDENTE Á OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. FASE III”. EXPTE. 2674/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de fomento, do 21.04.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

Con data 19 de xaneiro de 2015 tivo lugar a sinatura da acta de comprobación do replanteo das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. FASE III (Expte. 2674/440), suspendéndose temporalmente o seu inicio ata que se aprobase o Plan de Seguridade e Saúde, o que ocorreu con data 11 de febreiro de 2015. Por isto con data 18 de febreiro de 2015 asinouse o anexo á referida Acta na que se inclúe xa a previsión de que a data de inicio das obras sería o día seguinte. Os asinantes de ambos os dous documentos foron por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ, en representación da dirección facultativa da obra e D. JUAN PIÑEIRO NOGUEIRA en representación da mercantil CIVISGLOBAL como adxudicataria da execución das obras.

(Se anexan copias das mesmas)

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 3 que un exemplar da acta de comprobación do replanteo, se remitirá ao órgano de contratación .

Así mesmo o Prego de Clausulas Administrativas Particulares que rixe o presente expediente recolle na CLÁUSULA 25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, no punto 3. apartado c) sobre a Comprobación do replanteo “O servizo xestor, dentro do prazo máximo dun mes ou inferior que se consigne no contrato desde a data da súa formalización, procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ambas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación.”

Por último, o órgano de contratación ao ser Vigo un municipio de gran poboación é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto no RDL 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Por isto e en cumprimento de dito precepto a Acta de Comprobación de Replanteo previa a execución das obras de HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. FASE III, aprobado en data 3 de outubro de 2014 e adxudicado en data 30/12/14 co expediente 2.674/440, remítese á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada da sinatura da Acta de Comprobación de Replanteo previa a execución das obras de HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. FASE III.

20(531).- TOMA DE COÑECEMENTO DA ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO CORRESPONDENTE Á OBRA “CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL NO ESTADIO DE BALAÍDOS. FASE I”. EXPTE. 2540/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de fomento, do 21.04.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

Con data 10 de decembro de 2014 tivo lugar a sinatura da acta de comprobación do replanteo das obras do proxecto CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL NO ESTADIO DE BALAIOS FASE I (Expte. 2.540/440), suspendéndose temporalmente o seu inicio ata que se aprobase o Plan de Seguridade e Saúde, o que ocorreu con data con data 20 de xaneiro de 2015. Por isto con data 22 de xaneiro de 2015 asinouse o anexo á referida Acta na que se inclúe xa a previsión de que a data de inicio das obras sería o día seguinte.

Os asinantes de ambos os dous documentos foron por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. AURELIO ADÁN FERNÁNDEZ, en representación da dirección facultativa da obra e D. JAIME M. ALVARIÑAS VILLANUEVA en representación da mercantil UTE STRADIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. - GPD CONSTRUCCIONES, S.A. como adxudicataria da execución das obras.

(Se anexan copias das mesmas)

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 3 que un exemplar da acta de comprobación do replanteo, se remitirá ao órgano de contratación .

Así mesmo o Prego de Clausulas Administrativas Particulares que rixe o presente expediente recolle na CLÁUSULA 25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, no punto 3. apartado c) sobre a Comprobación do replanteo "O servizo xestor, dentro do prazo máximo dun mes ou inferior que se consigne no contrato desde a data da súa formalización, procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación."

Por último, o órgano de contratación ao ser Vigo un municipio de gran poboación é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto no RDL 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Por isto e en cumprimento de dito precepto a Acta de Comprobación de Replanteo previa a execución das obras de CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL NO ESTADIO DE BALAIOS FASE I, aprobado en data 20 de xaneiro de 2015 e adxudicado en data 12/12/14 co expediente 2.540/440, remítese á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada da sinatura da Acta de Comprobación de Replanteo previa a execución das obras de CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL NO ESTADIO DE BALAIOS FASE I.

21(532).- TOMA DE COÑECEMENTO DA ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO CORRESPONDENTE Á OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I". EXPTE. 2676/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de fomento, do 21.04.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos da Área de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

Con data 19 de xaneiro de 2015 tivo lugar a sinatura da acta de comprobación do replanteo das obras do proxecto HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I (Expte. 2.676/440), suspendéndose temporalmente o seu inicio ata que se aprobase o Plan de Seguridade e Saúde, o que ocorreu con data 11 de febreiro de 2015. Por isto con data 17 de febreiro de 2015 asinouse o anexo á referida Acta na que se inclúe xa a previsión de que a data de inicio das obras sería o día seguinte.

Os asinantes de ambos os dous documentos foron por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA, en representación da dirección facultativa da obra e D. JOAQUÍN BERMÚDEZ PÉREZ en representación da mercantil OBRAS REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (ORESA, S.L.) como adxudicataria da execución das obras.

(Se anexan copias das mesmas)

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 3 que un exemplar da acta de comprobación do replanteo, se remitirá ao órgano de contratación .

Así mesmo o Prego de Clausulas Administrativas Particulares que rixe o presente expediente recolle na CLÁUSULA 25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO, no punto 3. apartado c) sobre a Comprobación do replanteo "O servizo xestor, dentro do prazo máximo dun mes ou inferior que se consigne no contrato desde a data da súa formalización, procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación de replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación."

Por último, o órgano de contratación ao ser Vigo un municipio de gran poboación é a Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto no RDL 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Por isto e en cumprimento de dito precepto a Acta de Comprobación de Replanteo previa a execución das obras de HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I, aprobado en data 3 de outubro de 2014 e adxudicado en data 26/12/14 co expediente 2.676/440, remítese á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada da sinatura da Acta de Comprobación de Replanteo previa a execución das obras de HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE I.

22(533).- TOMA DE COÑECEMENTO DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE LIQUIDACIÓNS COMPLEMENTARIAS DE TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E DE OBRAS. EXPTE. 7841/407.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos, do 13.04.15, conformado pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo. Cando as autoliquidacións das taxas pola concesión de licenzas de obras e licenzas de actividades e instalacións non son correctas, realízanse liquidacións complementarias que, en algúns casos, non son ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes liquidacións complementarias de taxas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Liquidacións de taxas por licenzas de actividades:

<i>30218/422 Restaurante Maruja Limón (B36921021)</i>	<i>224,05 euros</i>
<i>29175/422 José Ramón Covelo Millos (36124844 D)</i>	<i>112,05 euros</i>
<i>34818/422 Gimnasio Florida Gym S.L (B36872745)</i>	<i>354,15 euros</i>
<i>30442/422 Os Lobiños Sociedad Cooperativa Gallega (F36965648)</i>	<i>498,40 euros</i>
<i>34401/422 Casa Paxariños S.L(B36952315)</i>	<i>246,75 euros</i>

Liquidacións de taxas por licenzas de obras:

<i>54901/421 Restaurante Maruja Limón (B36921021)</i>	<i>78,98 euros</i>
<i>78612/421 José Manuel Domínguez Valderrama (34578868R)</i>	<i>143 euros</i>
<i>78023/421 Ana María Blanco Soto (36096557N)</i>	<i>78,08 euros</i>
<i>78180/421 María Mercedes Alleres Coya(36077855D)</i>	<i>469,72 euros</i>
<i>77304/421 Entidad Local menor de Bembrive (P36000091)</i>	<i>4.783,25 euros</i>
<i>55281/421 Os Lobiños sociedad Cooperativa Gallega (F36965648)</i>	<i>139,64 euros</i>
<i>78962/421 Ana Isabel Lago Riveiro (36152802E)</i>	<i>143 euros</i>
<i>61345/421 Lino Dieguez Otero (35160615D)</i>	<i>225,20 euros</i>
<i>69381/421 Consellería de Educación e Ordenación</i>	<i>1.491,28 euros</i>
<i>64712/421 Iván Bastero Davila (36141692K)</i>	<i>225,20 euros</i>
<i>75812/421 Celso Blanco Iglesias (36035677J)</i>	<i>255,37 euros</i>
<i>67421/421 Diego German Moreyra (X4905206)</i>	<i>332,50 euros</i>

67591/421 Copcisa S.A (A08190696)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(534).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.